

Con motivo da celebración do Día internacional contra a violencia de xénero que se conmemora o día 25 de novembro, o Consello Municipal da Muller e maila Concellería de Igualdade do Concello de Vigo convocan o concurso de fotografía dixital e microvídeos, co fin de fomentar unha maior implicación e concienciación cidadá en contra da violencia que se exerce sobre as mulleres.

A Concellería de Igualdade poderá utilizar as obras presentadas como parte de futuras exposicións públicas, con indicación da súa autoría.

## Obxecto

O concurso abrangue dúas modalidades: **fotografía dixital e microvídeos**

As obras versarán sobre calquer aspecto e tratamento do abordaxe da violencia de xénero.

A modo de exemplo e sin que teña carácter excluínte, as obras presentadas poderán tratar algún o algúns dos seguintes aspectos:

A prevención e a concienciación cidadá, os avances producidos neste eido, a complicidade da sociedade, os agresores, manifestacións da violencia...

## Requisitos

Poderán participar todas aquelas persoas físicas ou xurídicas maiores de 16 anos (os menores de idade, no caso de seren gañadoras/es, deberán achegar autorización materna/peterna para recibir o premio).

Cada participante só se poderá presentar a concurso nunha das dúas modalidades, coa presentación dunha única obra. As obras que se presenten deberán estar en lingua galega.

Non serán admitidas ao concurso aquelas obras que non cumpran as condicións fixadas nas bases ou aquelas que polo seu contido sexan ofensivas, sexistas ou cuestionables por razóns éticas ou legais.

## Técnicas e dimensións das obras

Para as fotografías dixitais:

Formato jpg, tiff, png ou jpeg, ter suficiente calidade para ser manipuladas, resolución recomendable entre 150 a 300 píxeles de calidade.

Para os microvídeos:

Duración non superior a 3 minutos, o formato de presentación será on-line, o tamaño máximo do arquivo de vídeo será de 100Mb e starán nos formatos dixitais: avi, mpg, flv, wmv, vob, mp4, mov e os de alta definción: mkv, ts e m2ts, etc

## Premios

**Primeiro premio:** un por modalidade, que consistirá na entrega dun bono por importe de 500 €.

**Accésit:** un accésit para cada unha das dúas modalidades, en función da calidade das obras presentadas, que consistirán na entrega dun bono por importe de 250 €.

Os bonos serán para a adquisición de material e/ou dispositivos de informática, imaxe e/ou son, para trocar nos establecementos comerciais indicados pola organización.

## Prazo de presentación

O prazo de admisión das obras comeza o día 31 de outubro de 2011, e finaliza o día 20 de novembro de 2011.

As fotografías dixitais e os microvídeos, presentaranse unicamente a través dos respectivos espazos web:

[www.igualdadevigo.org/concursofotografia](http://www.igualdadevigo.org/concursofotografia).  
[www.igualdadevigo.org/concursovideos](http://www.igualdadevigo.org/concursovideos).

## Bases

As bases do concurso están a disposición das persoas interesadas, na propia Concellería de Igualdade e na web municipal:

[www.igualdadevigo.org](http://www.igualdadevigo.org) .

Para máis información poden chamar ao teléfono 986 810 284

# certame de fotografía dixital e microvídeos

# 25n

## día internacional contra a violencia de xénero

Organizan

CONCELLERÍA  
DE  
IGUALDADE

ALCALDÍA

